



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Número 189
9 de outubro de 2017

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.2. Comunicaci3ns da Xunta de Galicia

1.3.2.1. Debate de pol3tica xeral

1.3.2.1.2. resoluci3ns aprobadas

■ Resoluci3ns subseguintes ao debate anual de pol3tica xeral sobre a situaci3n pol3tica da Comunidade Aut3noma de Galicia do 4 de outubro de 2017 [55453](#)

1.4. Procedementos de informaci3n

1.4.5. Respostas a preguntas

■ 17519 - 1339 (10/PRE-000078)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Ara3jo, Paula e Rodr3guez Est3vez, David

Sobre a elaboraci3n pola Conseller3a do Medio Rural dun plan para resolver o problema do regad3o da comarca da Limia, a s3a dotaci3n orzamentaria e os investimentos previstos para os vindeiros anos, as3 como o prazo estimado para a s3a entrada en funcionamento [55473](#)

■ 17311 - 2232 (10/PRE-000131)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo L3pez, Mar3a de la Concepci3n e 3lvarez Mart3nez, Luis Manuel

Sobre os datos referidos ao convenio de colaboraci3n asinado pola Conseller3a de Cultura, Educaci3n e Ordenaci3n Universitaria coa Diocese de Lugo o 29 de xaneiro de 2016 para o acondicionamento do Museo Diocesano e Catedralicio de Lugo [55477](#)

■ 17314 - 2234 (10/PRE-000133)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo L3pez, Mar3a de la Concepci3n e 3lvarez Mart3nez, Luis Manuel

Sobre os datos referidos ao convenio de colaboraci3n asinado pola Conseller3a de Cultura, Educaci3n e Ordenaci3n Universitaria coas dioceses de Galicia o 22 de xu3o de 2016 para intervenci3ns no patrimonio art3stico de titularidade eclesi3stica [55479](#)

■ 17313 - 374 (10/PRE-000161)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

3lvarez Mart3nez, Luis Manuel e 2 m3is

Sobre a data prevista pola Conseller3a de Cultura, Educaci3n e Ordenaci3n Universitaria para a publicaci3n da orde que regular3 as probas de avaliaci3n final de Educaci3n Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato establecidas no Real decreto 310/2016, do 29 de xullo [55481](#)

■ 17312 - 2044 (10/PRE-000315)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fern3ndez Gil, C3sar Manuel e 4 m3is

Sobre as medias previstas pola Xunta de Galicia para axudar á internacionalización da cultura galega [55483](#)

I 17315 - 2947 (10/PRE-000578)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a supresión dos requirimentos relativos ao coñecemento da lingua galega no Centro Dramático Galego [55486](#)

I 17309 - 4100 (10/PRE-000706)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a situación da música en Galicia [55488](#)

I 17533 - 6888 (10/PRE-000973)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as razóns da eliminación, nos vehículos oficiais dos axentes medioambientais, das cores específicas, o vinilo coa imaxe corporativa da Xunta de Galicia e o servizo ao que pertencen, así como da non-dotación a esa frota de sistemas de iluminación prioritaria e da inexistencia dunha uniformidade regulamentada [55491](#)

I 17335 - 7443 (10/PRE-001041)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a adopción pola Xunta de Galicia das medidas destinadas a obrigar a empresa mineira Tungsten San Finx, S.L. a desenvolver a súa actividade respectando as normas de calidade ambiental e de protección da ría de Noia [55494](#)

I 17288 - 8282 (10/PRE-001122)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non asistir á xuntanza levada a cabo o 16 de xaneiro de 2017 en Ferrol para tratar de evitar o peche da sede da galería de Sargadelos na cidade e as medidas que vai adoptar para salvagardar o legado de Isaac Díaz Pardo [55497](#)

I 17441 - 8407 (10/PRE-001133)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Consellería do Medio Rural para minimizar o impacto que vai ter a couza da pataca nas familias produtoras en réxime de autoconsumo [55500](#)

I 17318 - 9031 (10/PRE-001249)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións levadas a cabo e as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coa aplicación, no curso escolar 2016-2017, das reválidas da ESO previstas na LOMCE [55502](#)

I 17286 - 9032 (10/PRE-001250)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións levadas a cabo e as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coa aplicación, no curso escolar 2016-2017, das reválidas en educación primaria previstas na LOMCE [55504](#)

I 17528 - 9254 (10/PRE-001347)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre o protocolo de actuación que se está a levar a cabo na recollida da pataca afectada pola couza guatemalteca, a relación interinstitucional establecida entre a Administración autonómica e as distintas administracións locais ao respecto e a información facilitada para ese fin aos veciños dos concellos afectados, así como os datos referidos ao desenvolvemento do proceso [55506](#)

I 17287 - 9688 (10/PRE-001392)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración da Dirección Xeral de Patrimonio en relación cos achados arqueolóxicos da cova de San Xoán Vello e a cova da Doncela, situadas na parroquia de San Xoán de Covas, no concello de Viveiro, as súas previsións respecto da súa inclusión no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia e as outras medidas que vai adoptar para a súa protección e posta en valor [55513](#)

I 17281 - 9904 (10/PRE-001414)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a opinión do Goberno galego referida ao nivel de participación acadado nas probas de avaliación individualizada do 3º curso de educación primaria e a posibilidade de obter resultados válidos en relación cos obxectivos previstos ou, se é o caso, as medidas que vai adoptar ao respecto, así como a existencia de dificultades para a participación dos mestres na súa corrección nalgún centro educativo de Galicia [55515](#)

I 17526 - 9991 (10/PRE-001425)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Consellería do Medio Rural para dotar dos medios solicitados os centros de investigación agraria e forestal, o impulso do protagonismo e coordinación dos centros de investigación agraria das administracións con competencias en Galicia e o fornecemento de estabilidade ás liñas de investigación deses centros, principalmente en materia de prevención e control de pragas [55517](#)

I 9997 - 9997 (10/PRE-001426)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para negarse a aboar a retribución complementaria que lle corresponde ao persoal funcionario do corpo de oficiais que desempeña unha secretaría dun xulgado de paz, así como para recorrer de xeito reiterado as sentenzas xudiciais ao respecto [55520](#)

I 17435 - 10134 (10/PRE-001435)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego diante do desmantelamento do servizo postal no medio rural de Galicia, principalmente na provincia de Ourense, a avaliación do impacto dos recortes de persoal e servizos aplicados por Correos nos últimos anos, así como a demanda ao Goberno central da corrección desta situación [55523](#)

I 17277 - 10230 (10/PRE-001450)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre as actividades que vén organizando a Xunta de Galicia, con carácter anual, na illa de San Simón, os datos referidos ás desenvolvidas no ano 2016 e a súa opinión en relación co lugar que ocupa nelas a recuperación da memoria histórica, así como a súa valoración respecto da tendencia á privatización do espazo e ao desenvolvemento de actividades con claro ánimo de lucro no interior da illa [55525](#)

I 17316 - 10268 (10/PRE-001456)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a protección do patrimonio cultural galego en mans da Fundación Barrié de la Maza trala compra do Banco Popular Pastor polo Banco de Santander, a súas intencións en relación coa incoación do expediente para a súa declaración como ben de interese cultural, así como o mantemento dalgún contacto cos actuais responsables da fundación para coñecer as previsións de futuro [55528](#)

I 17609 - 10426 (10/PRE-001474)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 5 máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa reivindicación da medida de reforma «convivencia con núcleo educativo», o número de reunións de coordinación en materia de menores entre os anos 2009 e 2017, a previsión de integrar os equipos psicosociais dos xulgados no Imelga, así como en relación co orzamento e a execución orzamentaria en prevención e mediación [55530](#)

I 17334 - 11138 (10/PRE-001547)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación coa denegación pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil da renovación das concesións de aproveitamento de augas solicitadas polas comunidades de augas de consumo humano ou traídas de augas, así como as previstas para a introdución das modificacións lexislativas precisas co fin de garantir a continuidade desas comunidades [55534](#)

I 17604 - 11202 (10/PRE-001556)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre a realización polo Goberno galego dalgún estudo global que permita verificar a eficacia dos plans de emprego xuvenil levados a cabo dende o ano 2009, a súa valoración en relación cos resultados obtidos polas edicións anteriores deses plans e o grao de execución dos seus orzamentos, así como os datos referidos ás persoas beneficiarias

[55536](#)**I 17650 - 2733 (10/PRE-002193)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e 13 máis**

Sobre a situación do mercado laboral en Galicia en relación cos demais membros da Unión Europea

[55538](#)**I 17485 - 3085 (10/PRE-002269)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****González Vázquez, José e 6 máis**

Sobre o número de solicitudes presentadas no ano 2016 para o acceso ao tratamento de inoculación de cepas hipovirulentas para afrontar o cancro do castiñeiro

[55540](#)**I 17649 - 3095 (10/PRE-002271)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre o número de persoas reclusas tratadas coa medicación contra a hepatite C desde a entrada en vigor do convenio asinado polo Sergas coa Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias para a aplicación do disposto no plan nacional ao respecto

[55542](#)**I 17648 - 3098 (10/PRE-002272)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva e 2 máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en materia de recursos humanos, materiais e organización para evitar as saturacións, así como os ingresos de pacientes do Servizo de CardioloXía con necesidades de telemetría no Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

[55545](#)**I 17647 - 3110 (10/PRE-002274)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a consignación, no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, dalgunha partida para a elaboración dun proxecto de execución dunha infraestructura para restablecer os servizos do Hospital Gil Casares

[55547](#)**I 17646 - 3128 (10/PRE-002279)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre os servizos relixiosos que están a prestar os capeláns da Igrexa Católica na rede de hospitais públicos de Galicia

[55549](#)

I 17645 - 3132 (10/PRE-002281)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da consignación do orzamento necesario e da execución das obras de construción do novo centro de saúde de Ribadavia

[55551](#)**I 17644 - 3235 (10/PRE-002292)****Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre a convocatoria dun proceso selectivo para a cobertura de postos de traballo na fundación pública Centro de Transfusións de Galicia

[55553](#)**I 17482 - 3291 (10/PRE-002298)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da aprobación da autorización ambiental integrada de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra, en contra da normativa sectorial e das determinacións das Directrices de ordenación do territorio e do Plan de ordenación do litoral

[55555](#)**I 17481 - 3292 (10/PRE-002299)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do incumprimento por Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra, da normativa galega e europea en materia de verteduras de augas residuais e emisións industriais

[55557](#)**I 17642 - 3302 (10/PRE-002304)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a información de forma desagregada do investimento de 130 millóns de euros para loitar contra a hepatitis C

[55559](#)**I 17641 - 3317 (10/PRE-002307)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva e 4 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da consignación para o ano 2017 dos orzamentos necesarios, así como da execución do proxecto, para a construción do novo centro de saúde da Illa de Arousa

[55561](#)**I 17640 - 3318 (10/PRE-002308)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as razóns da Consellería de Sanidade para non elaborar campañas de prevención, formación e información, segundo o establecido no Plan estratéxico nacional para o tratamento da hepatitis C

[55563](#)**I 17337 - 3762 (10/PRE-002352)****Grupo Parlamentario de En Marea**

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre o desenvolvemento das obras de construción das infraestruturas de saneamento no concello de Ribeira [55565](#)

I 17310 - 4033 (10/PRE-002405)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a posibilidade de dotar o Ateneo de Ourense dun espazo de titularidade pública axeitado e coas condicións requiridas para continuar coa súa actividade sen ánimo de lucro [55567](#)

I 17560 - 4255 (10/PRE-002427)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre as razóns do aumento rexistrado en Galicia, desde xaneiro a novembro de 2016, do número de persoas afectadas por un expediente de regulación de emprego en relación coa súa baixada media no resto de España [55569](#)

I 17559 - 4256 (10/PRE-002428)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre o aumento rexistrado en Galicia, desde xaneiro a novembro de 2016, do número de persoas afectadas por un expediente de regulación de emprego en relación co ano 2015 [55571](#)

I 17539 - 4258 (10/PRE-002429)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre as razóns do lugar que ocupa Galicia en relación co resto do Estado na evolución do número de persoas afectadas por un expediente de regulación de emprego no período de xaneiro a novembro de 2016 [55573](#)

I 17558 - 4259 (10/PRE-002430)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do aumento en Galicia, desde xaneiro a novembro de 2016, en relación co mesmo período de 2015, do modelo de despedimento colectivo entre todas as modalidades posibles de expedientes de regulación de emprego [55575](#)

I 17557 - 4261 (10/PRE-002431)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da baixada en Galicia, desde xaneiro a novembro de 2016, do número de persoas afectadas por un expediente de regulación de emprego unicamente na modalidade de redución de xornada [55577](#)

I 17308 - 4364 (10/PRE-002442)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto do achado dun túnel na muralla romana de Lugo

[55579](#)**I 17307 - 4396 (10/PRE-002444)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación cos índices de contaminación que presenta a auga do río Liñares no contorno da estación depuradora de augas residuais de Aguións, no concello da Estrada

[55581](#)**I 17327 - 4403 (10/PRE-002445)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e 4 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación de deterioración das augas do encoro dos Peares, no río Miño

[55584](#)**I 17634 - 4414 (10/PRE-002447)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a supresión da exención do IVE para os servizos que prestan as e os profesionais da avogacía e procuradoría adscritos á quenda de oficio

[55587](#)**I 17305 - 4431 (10/PRE-002449)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto do estado en que se atopa o castelo de Doiras, na parroquia de Santa María de Vilarello, no concello de Cervantes

[55589](#)**I 17476 - 4440 (10/PRE-002450)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia para loitar contra o acoso escolar

[55591](#)**I 17474 - 4465 (10/PRE-002451)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización dun novo diagnóstico en relación co acoso escolar e o ciberacoso

[55594](#)**I 17490 - 4482 (10/PRE-002453)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a adxudicación do concurso convocado en novembro de 2014 pola Fundación Pública Ur-xencias Sanitarias de Galicia 061 para a contratación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre

[55597](#)

I 17491 - 4527 (10/PRE-002456)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre

[55599](#)

I 17632 - 4600 (10/PRE-002463)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para o inicio das obras de ampliación do hospital de Montecelo, en Pontevedra

[55601](#)

I 17304 - 4741 (10/PRE-002488)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto do remate das obras de construción dun centro de interpretación dos parques naturais de Galicia en Ourense

[55603](#)

I 17500 - 4782 (10/PRE-002493)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre as razóns do nivel que presenta a taxa de temporalidade no emprego en Galicia no cuarto trimestre de 2016, en relación coa media do Estado

[55605](#)

I 17499 - 4783 (10/PRE-002494)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre as razóns da evolución que presenta dende o ano 2013 a taxa de temporalidade no emprego en Galicia, en relación co resto do Estado

[55608](#)

I 17498 - 4784 (10/PRE-002495)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para mellorar a estabilidade no emprego

[55611](#)

I 17497 - 4785 (10/PRE-002496)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre as medidas concretas que vai levar a cabo o Goberno galego para corrixir as diferenzas que padecen as mulleres asalariadas en Galicia no referido á temporalidade no emprego

[55614](#)

I 17506 - 4786 (10/PRE-002497)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto dos efectos que está a producir a reforma laboral no mercado de traballo de Galicia, en especial no referido ao obxectivo de mellorar a calidade do emprego

[55617](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.2. Comunicaci3ns da Xunta de Galicia

1.3.2.1. Debate de pol3tica xeral

1.3.2.1.2. resoluci3ns aprobadas

Resoluci3ns subseguintes ao debate anual de pol3tica xeral sobre a situaci3n pol3tica da Comunidade Aut3noma de Galicia do 4 de outubro de 2017

O Pleno do Parlamento de Galicia, na sesi3n do d3a 4 de outubro de 2017 aprobou, no punto 3nico da orde do d3a (Debate anual de pol3tica xeral: doc. n3m. 16667, 10/DEBA-000001), as seguintes resoluci3ns:

1ª resoluci3n

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- a) Aplicar do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 con especial intensidade as medidas enfocadas a protexer os usuarios m3is vulnerables da estrada, desenvolvendo actuaci3ns de mellora da mobilidade peonil, con atenci3n espec3fica 3 seguridade e 3 accesibilidade; mellora da mobilidade ciclista; e protecci3n dos motoristas.
- b) Realizar as actuaci3ns precisas para mellorar a seguridade viaria en todos os treitos de concentraci3n de accidentes rexistrados na rede de estradas de titularidade auton3mica.
- c) Demandar do Goberno do Estado as actuaci3ns necesarias para mellorar a seguridade viaria nos treitos de concentraci3n de accidentes na rede de estradas da s3a competencia.»

Aprobada por unanimidade de 74 deputados e deputadas.

(Resoluci3n resultante da transacci3n entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego e o G. P. Popular de Galicia verbo da proposta de resoluci3n n3m. 14 do G. P. Popular de Galicia)

2ª resoluci3n

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a consensuar coa Federaci3n Galega de Municipios e Provincias, coa Igrexa cat3lica e coa Administraci3n xeral do Estado, un plan de eliminaci3n dos elementos de exaltaci3n do franquismo que subsisten en Galicia, conforme o establecido na Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e ampl3an dereitos e se establecen medidas en favor das persoas que padeceron persecuci3n ou violencia durante a guerra civil e a ditadura.»

Aprobada por 55 votos a favor, 14 en contra e 6 abstenci3ns.

(Resoluci3n resultante da transacci3n entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia verbo da proposta de resoluci3n n3m. 39 do G. P. Popular de Galicia)

3ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a deixar de patrocinar calquera evento deportivo, afeccionado ou profesional, no que os premios polos mesmos postos e categorías teñan diferenza de contía entre a competición masculina e a feminina.»

Aprobada por unanimidade de 74 deputados e deputadas.

(Resolución resultante da transacción entre o G. P. do Bloque Nacionalista Galego, o G. P. de En Marea e o G. P. Popular de Galicia verbo da proposta de resolución núm. 9 do G. P. Popular de Galicia)

4ª resolución

«O Parlamento de Galicia expresa a súa adhesión ao contido do discurso formulado no día 3 de outubro polo Xefe do Estado no que demanda o cumprimento da orde constitucional, o normal funcionamento das institucións, a vixencia do Estado de Dereito e o autogoberno de Cataluña, baseado na Constitución e no seu Estatuto de Autonomía, que ofrece as vías constitucionais para que calquera persoa poida defender as súas ideas dentro do respecto á Lei, nun espazo de concordia e de encontro con todos.»

Aprobada por 55 votos a favor e 20 en contra.

(Resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia verbo da proposta de resolución núm. 37 do G. P. Popular de Galicia)

5ª resolución

«O Parlamento de Galicia lamenta os episodios que alteraron a pacífica convivencia o 1 de outubro en Cataluña e manifesta a súa solidariedade e respaldo á Policía Nacional e á Garda Civil no seu labor de defensa e protección dos dereitos e liberdades amparados pola Constitución Española a todos os cidadáns, condenando o acoso que están a sufrir os seus membros, entre os que se atopan axentes galegos e galegas desprazados a Cataluña, por defender o Estado de Dereito e salvagardar a convivencia, a seguridade e a tranquilidade da cidadanía.»

Aprobada por 55 votos a favor e 20 en contra.

(Resolución resultante da transacción entre o G. P. dos Socialistas de Galicia e o G. P. Popular de Galicia verbo da proposta de resolución núm. 38 do G. P. Popular de Galicia)

6ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a ofertar e convocar máis prazas para persoas con discapacidade intelectual, noutros corpos de funcionarios e categorías laborais distintas ás actualmente realizadas, así como a difundir esta iniciativa entre as administracións locais de Galicia e a prestarlles colaboración para que poidan levar a cabo este proceso, co fin de acadar a condición de empregado público para estas persoas e facilitar a súa inserción laboral e autonomía persoal.»

Aprobada por 47 votos a favor, 14 en contra e 14 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 18 do G. P. Popular de Galicia).

7ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reforzar o seu apoio aos galegos da diáspora, intensificando os programas de apoio ao retorno e, en particular, dirixíndose ao Goberno de España para que exhorte o Goberno de Venezuela a asumir as súas responsabilidades cos galegos e galegas que residen en Venezuela ou que teñen retornado a Galicia e que teñen dereito a percibir unha pensión de xubilación que o réxime bolivariano rexeita pagar dende xaneiro de 2016.»

Aprobada por 56 votos a favor, ningún en contra e 19 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 26 do G. P. Popular de Galicia).

8ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar solicitando a transferencia da Autoestrada do Atlántico (AP-9) para que poida ser xestionada dende a proximidade polo Goberno autonómico.»

Aprobada por 55 votos a favor, 14 en contra e 6 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 32 do G. P. Popular de Galicia).

9ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que efectúe, e que demande das demais administracións públicas da comunidade, avances concretos, dentro das respectivas competencias, para lograr que Cíes-Illas Atlánticas e a Ribeira Sacra sexan declaradas pola Unesco Patrimonio da Humanidade.»

Aprobada por 61 votos a favor, ningún en contra e 14 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 34 do G. P. Popular de Galicia).

10ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a, dentro das súas competencias de coordinación do Sistema Universitario de Galicia (SUG), deseñar e promover un Programa de Excelencia Universitaria que comprenda medidas de mellora da posición das universidades galegas nos *rankings*, do impulso á internacionalización e da mellora da docencia, da investigación e da transferencia de coñecemento e o fomento de graos en inglés, así como o recoñecemento mediante bolsas aos mellores expedientes académicos do alumnado universitario galego.»

Aprobada por 41 votos a favor e 34 en contra.

(Proposta de resolución núm. 8 do G. P. Popular de Galicia).

11ª resolución

«O Parlamento insta a Xunta a que se dirixa ao Goberno central para que promova unha reforma da LOREG encamiñada a favorecer o goberno da lista máis votada en cada municipio, para asegurar que a conformación dos Executivos locais responde fielmente á vontade dos cidadáns.»

Aprobada por 41 votos a favor e 34 en contra.

(Proposta de resolución núm. 23 do G. P. Popular de Galicia).

12ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que presente na Cámara o proxecto de lei de modificación da Lei de saúde de Galicia, tendo en conta as achegas dos profesionais, e dos seus representantes, así como dos interlocutores sociais e das asociacións de pacientes, que recolla a distribución territorial en áreas, distritos e zonas de saúde, blinde a existencia dos hospitais comarcais e garanta non soamente os servizos que se prestan neles a día de hoxe, senón o seu incremento, para achegar os servizos sanitarios ao paciente, que debe ser, en todo caso, o centro do sistema.»

Aprobada por 41 votos a favor e 34 en contra.

(Proposta de resolución núm. 28 do G. P. Popular de Galicia).

13ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incrementar as políticas de impulso á natalidade e á conciliación familiar, acometendo as actuacións necesarias para incrementar o número de prazas que oferta a rede pública de escolas infantís A Galiña Azul, e a mellorar as bonificacións ás familias ao tempo que aumenta a dotación do Bono Concilia para garantir a lista de agarda cero nas escolas infantís 0-3 anos, amplía ata os tres anos a Tarxeta Benvida para as familias con menor renda ou incrementa o permiso por maternidade na función pública.»

Aprobada por 41 votos a favor, 13 en contra e 20 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 3 do G. P. Popular de Galicia).

14ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar un proceso de negociación coas organizacións sindicais para aprobar un plan de estabilidade do emprego público autonómico co obxectivo de ofertar nesta lexislatura máis de 14.000 prazas que nos permitan diminuír a taxa de temporalidade no contorno do 7 %.»

Aprobada por 41 votos a favor, 13 en contra e 20 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 6 do G. P. Popular de Galicia).

15ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir avanzando na procura de todas as garantías necesarias para que na atención ás vítimas de violencia de xénero haxa unha actuación integral, personalizada, áxil e coordinada, garantindo o respecto á súa intimidade, privacidade e dignidade, nomeadamente no ámbito xudicial. En particular, a levar a cabo programas de apoio ás vítimas de agresións e/ou abusos sexuais e desenvolver accións específicas para a atención especializada dos casos de agresións sexuais así como de formación específica sobre as distintas manifestacións da violencia de xénero, concretamente de violencia sexual e acoso sexual.»

Aprobada por 41 votos a favor, 13 en contra e 20 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 10 do G. P. Popular de Galicia).

16ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incrementar as políticas de impulso ao envellecemento activo, acometendo as actuacións necesarias para aumentar o número de prazas que oferta a rede pública de centros para persoas maiores ao longo da presente lexislatura ao tempo que reforza a teleasistencia, amplía o programa 'Xanta na Casa' ou impulsa o programa de voluntariado 'Acompaño' para a promoción da autonomía persoal e acompañamento das persoas maiores que viven soas.»

Aprobada por 41 votos a favor, 13 en contra e 20 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 17 do G. P. Popular de Galicia).

17ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a promover —coa dotación dos medios persoais e materiais precisos— a creación de novos xulgados necesarios en Galicia que se acorden no seo da Comisión Mixta co TSXG e, así mesmo, a facilitar máis servizos dixitais no eido xudicial, incrementando as funcionalidades da sede xudicial electrónica.»

Aprobada por 55 votos a favor e 20 en contra.

(Proposta de resolución núm. 22, do G. P. Popular de Galicia).

18ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir resolvendo de xeito áxil os axustes demandados, e debidamente xustificados, polos concellos na implantación do novo Plan de Trans-

porte Público de Galicia, así como a continuar velando polo cumprimento das cláusulas sociais e laborais pactadas cos sindicatos UGT e CCOO, con especial atención ás relativas á subrogación dos traballadores, empregando todas as ferramentas legais ao seu alcance.»

Aprobada por 55 votos a favor e 20 en contra.

(Proposta de resolución núm. 25, do G. P. Popular de Galicia).

19ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a implantar un modelo de “contratación pública verde” orientado ao fomento da sustentabilidade e da responsabilidade da empresa nas súas vertentes ambiental, económica e social, que valore a racionalización de recursos e a aplicación de medidas de economía circular, e que teña en conta aspectos de eficiencia enerxética e redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, favorecendo a adopción deste modelo por parte das administracións locais.»

Aprobada por 55 votos a favor e 20 en contra.

(Proposta de resolución núm. 30, do G. P. Popular de Galicia).

20ª resolución

«O Parlamento de Galicia, como institución representativa do pobo galego, reitera o seu compromiso coa convivencia democrática dentro do marco legal, co pluralismo político e co respecto á lexitima discrepancia de todas as opcións partidistas, e por iso condena todo tipo de accións ou manifestacións que conteñan violencia verbal ou física, e promovan o enfrontamento, odio, a intimidación e menoscaben as liberdades e os dereitos das persoas que formen parte tanto das institucións públicas como dos diferentes partidos políticos.»

Aprobada por 55 votos a favor e 20 en contra.

(Proposta de resolución núm. 40, do G. P. Popular de Galicia).

21ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar a súa política de rebaixa selectiva de impostos con novas deducións fiscais incentivadoras de catro tipos de investimentos estratéxicos: en terras e bens rústicos desaproveitados; en sociedades de xestión forestal; en rehabilitación de inmobles ou posta en marcha de actividades económicas nos cascos históricos, e nas relacionadas coa compra de solo industrial nas que interveñan as administracións públicas.»

Aprobada por 41 votos a favor, 20 en contra e 14 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 1 do G. P. Popular de Galicia).

22ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reforzar as súas políticas no eido do traballo a través das reformas tanto do sistema de obradoiros de emprego como do propio Servizo Público de Emprego encamiñadas ao obxectivo de mellorar a inserción laboral das persoas desempregadas en Galicia.»

Aprobada por 41 votos a favor, 20 en contra e 14 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 2 do G. P. Popular de Galicia).

23ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a promover a implicación dos axentes económicos para fomentar a súa corresponsabilidade en materia de racionalización de horarios e conciliación da vida laboral, persoal e familiar.»

Aprobada por 41 votos a favor, 20 en contra e 14 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 4 do G. P. Popular de Galicia).

24ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia ao mantemento dun modelo educativo fundamentado na actualización constante en materia de innovación educativa; e na aposta pola potenciación da aprendizaxe de linguas estranxeiras, no fomento da atención á diversidade, e na utilización das novas tecnoloxías nos distintos niveis educativos da rede de centros sostidos con fondos públicos. Incidirase no reforzo das ensinanzas de Formación Profesional como ferramenta da mellora da empregabilidade e da mellora da competitividade dos sectores produtivos a través do deseño e concreción de accións estratéxicas en materia de normativa, do apoio a unha maior relación directa alumnado-empresas, dunha maior innovación, da potenciación da rede de CIFP, do impulso da FP dual, da aposta pola calidade e a orientación laboral entre o alumnado, así como o impulso da iniciativa 'Campus FP' para coordinación e fomento das relacións entre estas ensinanzas formativas e os sectores produtivos.»

Aprobada por 41 votos a favor, 20 en contra e 14 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 5 do G. P. Popular de Galicia).

25ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno central o cumprimento do compromiso de que o AVE a Galicia estea funcionando en probas no ano 2019 e que se siga avanzando nas conexións internas comprometidas: AVE a Lugo, AVE Ourense-Vigo, variante de Ourense e mellora da conexión a Ferrol. Ademais, demanda do Goberno galego que siga impulsando e coordinando, xunto co Goberno central, unha infraestrutura directamente relacionada coa alta velocidade ferroviaria como son as estacións intermodais, rematando os proxectos, licitando a contratación das obras e exixindo aos respectivos concellos a súa implicación e o cumprimento das súas obrigas á maior brevidade para non atrasar as actuacións.»

Aprobada por 41 votos a favor, 20 en contra e 14 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 7 do G. P. Popular de Galicia).

26ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar a comercialización dos produtos galegos de calidade a través da posta en marcha dun Plan Estratéxico da Producción Ecolóxica e dun Plan de Promoción da Calidade Agroalimentaria que inclúa o desenvolvemento dunha campaña publicitaria en relación coa correcta etiquetaxe dos produtos alimentarios e de fomento do consumo dos produtos de calidade.»

Aprobada por 41 votos a favor, 20 en contra e 14 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 11 do G. P. Popular de Galicia).

27ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, dentro do eixo de actuación que supón o plan de fixación de poboación no rural, dea comezo a novas actuacións de reestruturación parcelaria que complementen ao remate dos procesos xa abertos e, ao tempo, remate os traballos de mobilización de terras agrarias en abandono iniciados en 2017 coa plena posta en produción das áreas recuperadas e estendendo este tipo de iniciativas a outros proxectos, aproveitando o impulso que o coñecemento social das iniciativas deste ano está a producir.»

Aprobada por 41 votos a favor, 20 en contra e 14 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 12 do G. P. Popular de Galicia).

28ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, aproveitando a presenza periódica que achega a representación das Comunidades Autónomas no Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea, desenvolva unha política de actuación centrada en seguir pormenorizadamente os trílogos no marco europeo para tratar de evitar que as normas de eliminación de descartes e de medidas técnicas e de control se afasten das nosas demandas así como a abordar o impacto do *Brexit* mediante a busca de aliados na defensa dos intereses pesqueiros dentro deste proceso e a plasmación no eido europeo das informacións emanadas do grupo de traballo creado no seo do Consello Galego de Pesca para analizar cada paso que o proceso vaia dando.»

Aprobada por 41 votos a favor, 20 en contra e 14 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 13 do G. P. Popular de Galicia).

29ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar e ampliar os programas de vivenda para familias vulnerables como o Bono de Alugueiro Social, o programa Reconduce, o programa Rehaluga ou o Programa de Vivendas Baleiras, así como a dirixirse aos gobernos municipais das grandes cidades galegas para solicitarlles a súa adhesión a este último.»

Aprobada por 41 votos a favor, 20 en contra e 14 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 15 do G. P. Popular de Galicia).

30ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar coa súa política de rigor e control da débeda pública, cumprindo de novo o obxectivo de estabilidade orzamentaria e iniciando unha progresiva redución do nivel de endebedamento, de xeito que permita destinar menos recursos a gastos financeiros e máis a políticas sociais e produtivas.»

Aprobada por 41 votos a favor, 20 en contra e 14 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 16 do G. P. Popular de Galicia).

31ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a, tendo en conta as experiencias e características dos distintos sectores culturais, definir unhas políticas que permitan garantir a máxima difusión da actividade cultural de base en todo o territorio de Galicia e entre toda a cidadanía; promover o acceso e a participación activa da poboación galega nas manifestacións culturais diversas e contribuír a asentar un tecido social e empresarial no ámbito da cultura adaptado ás tendencias internacionais e tecnolóxicas. Neste sentido, promoverase o acceso universal do patrimonio material e inmaterial galego a través da rede e a facilitar a participación da sociedade galega na construción da Memoria Dixital de Galicia.»

Aprobada por 41 votos a favor, 20 en contra e 14 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 19 do G. P. Popular de Galicia).

32ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reforzar o proceso de normalización da lingua galega con medidas efectivas e de alcance que impacten e provoquen un maior uso do idioma na xuventude e no tecido socio-económico.»

Aprobada por 41 votos a favor, 20 en contra e 14 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 20 do G. P. Popular de Galicia).

33ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reforzar a súa aposta pola ordenación territorial e paisaxística desenvolvendo a Lei de ordenación do territorio e unha estratexia de protección da paisaxe que pase polo desenvolvemento completo do corpus normativo derivado da Lei da paisaxe, pola creación dunha Rede de itinerarios de interese paisaxístico e polo desenvolvemento e sinatura de pactos pola paisaxe coordinados entre diferentes administracións.»

Aprobada por 41 votos a favor, 20 en contra e 14 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 21 do G. P. Popular de Galicia).

34ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar decididamente o Protocolo xeral para unha mellor cooperación territorial asinado coas catro Deputacións provinciais galegas, atendendo prioritariamente á mellora da sincronización e evitación de duplicidades na actuación das administracións públicas no territorio galego, e na redefinición do papel das Deputacións provinciais nas súas funcións de asistencia, asesoramento e cooperación intermunicipal, especialmente aos concellos máis pequenos e con menor nivel de recursos.»

Aprobada por 41 votos a favor, 20 en contra e 14 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 24 do G. P. Popular de Galicia).

35ª resolución

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia á elaboración dun plan de fomento de vehículos con combustibles alternativos para o transporte pesado de mercadorías e para o transporte de viaxeiros.»

Aprobada por 41 votos a favor, 20 en contra e 14 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 27 do G. P. Popular de Galicia).

36ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a acercar os servizos sanitarios ao paciente crónico pluripatolóxico, para realizar o mellor seguimento e prestar unha atención personalizada polos profesionais “de cabeceira” dos pacientes. Na procura destes obxectivos, estender de forma progresiva a Plataforma Telea, de teleasistencia domiciliaria nos centros de atención primaria da Comunidade Autónoma, de forma que toda a cidadanía galega que o precise poida ter acceso a esta plataforma de telemonitorización.»

Aprobada por 41 votos a favor, 20 en contra e 14 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 29 do G. P. Popular de Galicia).

37ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a acadar no ano 2018 o obxectivo de 60.000 persoas dependentes atendidas sempre e cando se aproben os Orzamentos Xerais do Estado para ese exercicio.»

Aprobada por 41 votos a favor, 20 en contra e 14 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 31 do G. P. Popular de Galicia).

38ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que se continúe impulsando os proxectos de I+D vinculados ao desenvolvemento da Industria 4.0 e se poñan en marcha instrumentos específicos de incentivos a proxectos de industria conectada e dixital, así como a desenvolver un plan para aumentar a capacitación dos profesionais nestes novos procesos industriais.»

Aprobada por 41 votos a favor, 20 en contra e 14 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 33 do G. P. Popular de Galicia).

39ª resolución

«O Parlamento de Galicia apoia un sector turístico galego ordenado e planificado, e de calidade, xerador de emprego, riqueza e crecemento; rexeitando calquera acto vandálico contra este sector, intolerable nunha sociedade democrática, e insta a Xunta de Galicia a afondar na calidade do destino Galicia diversificado e sostible desenvolvendo o “slow turismo” e segmentos como o turismo cosmopolita, o turismo sénior, o de natureza, o náutico, o urbano, o familiar, o enoturismo, o deportivo, o de saúde e o relacionado co Camiño de Santiago, en preparación do Ano Xacobeo de 2021.»

Aprobada por 41 votos a favor, 20 en contra e 14 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 35 do G. P. Popular de Galicia).

40ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reclamar de todas as administracións públicas galegas que garantan aos cidadáns galegos o acceso aos servizos públicos en condicións de igualdade, sen establecer distincións en razón da súa veciñanza ou da administración prestataria do servizo.»

Aprobada por 41 votos a favor, 20 en contra e 14 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 36 do G. P. Popular de Galicia).

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 5 de outubro de 2017, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

- 17519 - 1339 (10/PRE-000078)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a elaboración pola Consellería do Medio Rural dun plan para resolver o problema do regadío da comarca da Limia, a súa dotación orzamentaria e os investimentos previstos para os vindeiros anos, así como o prazo estimado para a súa entrada en funcionamento

- 17311 - 2232 (10/PRE-000131)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre os datos referidos ao convenio de colaboración asinado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria coa Diocese de Lugo o 29 de xaneiro de 2016 para o acondicionamento do Museo Diocesano e Catedralicio de Lugo

- 17314 - 2234 (10/PRE-000133)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre os datos referidos ao convenio de colaboración asinado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria coas dioceses de Galicia o 22 de xuño de 2016 para intervencións no patrimonio artístico de titularidade eclesiástica

- 17313 - 374 (10/PRE-000161)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a data prevista pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a publicación da orde que regulará as probas de avaliación final de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato establecidas no Real decreto 310/2016, do 29 de xullo

- 17312 - 2044 (10/PRE-000315)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 4 máis

Sobre as medias previstas pola Xunta de Galicia para axudar á internacionalización da cultura galega

- 17315 - 2947 (10/PRE-000578)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a supresión dos requirimentos relativos ao coñecemento da lingua galega no Centro Dramático Galego

- 17309 - 4100 (10/PRE-000706)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a situación da música en Galicia

- 17533 - 6888 (10/PRE-000973)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as razóns da eliminación, nos vehículos oficiais dos axentes medioambientais, das cores específicas, o vinilo coa imaxe corporativa da Xunta de Galicia e o servizo ao que pertencen, así como da non-dotación a esa frota de sistemas de iluminación prioritaria e da inexistencia dunha uniformidade regulamentada

- 17335 - 7443 (10/PRE-001041)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a adopción pola Xunta de Galicia das medidas destinadas a obrigar a empresa mineira Tungsten San Finx, S.L. a desenvolver a súa actividade respectando as normas de calidade ambiental e de protección da ría de Noia

- 17288 - 8282 (10/PRE-001122)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non asistir á xuntanza levada a cabo o 16 de xaneiro de 2017 en Ferrol para tratar de evitar o peche da sede da galería de Sargadelos na cidade e as medidas que vai adoptar para salvagardar o legado de Isaac Díaz Pardo

- 17441 - 8407 (10/PRE-001133)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Consellería do Medio Rural para minimizar o impacto que vai ter a couza da pataca nas familias produtoras en réxime de autoconsumo

- 17318 - 9031 (10/PRE-001249)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións levadas a cabo e as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coa aplicación, no curso escolar 2016-2017, das reválidas da ESO previstas na LOMCE

- 17286 - 9032 (10/PRE-001250)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións levadas a cabo e as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coa aplicación, no curso escolar 2016-2017, das reválidas en educación primaria previstas na LOMCE

- 17528 - 9254 (10/PRE-001347)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre o protocolo de actuación que se está a levar a cabo na recollida da pataca afectada pola couza guatemalteca, a relación interinstitucional establecida entre a Administración autonómica e as distintas administracións locais ao respecto e a información facilitada para ese fin aos veciños dos concellos afectados, así como os datos referidos ao desenvolvemento do proceso

- 17287 - 9688 (10/PRE-001392)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración da Dirección Xeral de Patrimonio en relación cos achados arqueolóxicos da cova de San Xoán Vello e a cova da Doncela, situadas na parroquia de San Xoán de Covas, no concello de Viveiro, as súas previsións respecto da súa inclusión no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia e as outras medidas que vai adoptar para a súa protección e posta en valor

- 17281 - 9904 (10/PRE-001414)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a opinión do Goberno galego referida ao nivel de participación acadado nas probas de avaliación individualizada do 3º curso de educación primaria e a posibilidade de obter resultados válidos en relación cos obxectivos previstos ou, se é o caso, as medidas que vai adoptar ao respecto, así como a existencia de dificultades para a participación dos mestres na súa corrección nalgún centro educativo de Galicia

- 17526 - 9991 (10/PRE-001425)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Consellería do Medio Rural para dotar dos medios solicitados os centros de investigación agraria e forestal, o impulso do protagonismo e coordinación dos centros de investigación agraria das administracións con competencias en Galicia e o fornecemento de estabilidade ás liñas de investigación deses centros, principalmente en materia de prevención e control de pragas

- 9997 - 9997 (10/PRE-001426)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para negarse a aboar a retribución complementaria que lle corresponde ao persoal funcionario do corpo de oficiais que desempeña unha secretaría dun xulgado de paz, así como para recorrer de xeito reiterado as sentenzas xudiciais ao respecto

- 17435 - 10134 (10/PRE-001435)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego diante do desmantelamento do servizo postal no medio rural de Galicia, principalmente na provincia de Ourense, a avaliación do

impacto dos recortes de persoal e servizos aplicados por Correos nos últimos anos, así como a demanda ao Goberno central da corrección desta situación

- 17277 - 10230 (10/PRE-001450)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actividades que vén organizando a Xunta de Galicia, con carácter anual, na illa de San Simón, os datos referidos ás desenvolvidas no ano 2016 e a súa opinión en relación co lugar que ocupa nelas a recuperación da memoria histórica, así como a súa valoración respecto da tendencia á privatización do espazo e ao desenvolvemento de actividades con claro ánimo de lucro no interior da illa

- 17316 - 10268 (10/PRE-001456)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a protección do patrimonio cultural galego en mans da Fundación Barrié de la Maza trala compra do Banco Popular Pastor polo Banco de Santander, a súas intencións en relación coa incoación do expediente para a súa declaración como ben de interese cultural, así como o mantemento dalgún contacto cos actuais responsables da fundación para coñecer as previsións de futuro

- 17609 - 10426 (10/PRE-001474)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa reivindicación da medida de reforma «convivencia con núcleo educativo», o número de reunións de coordinación en materia de menores entre os anos 2009 e 2017, a previsión de integrar os equipos psicosociais dos xulgados no Imelga, así como en relación co orzamento e a execución orzamentaria en prevención e mediación

- 17334 - 11138 (10/PRE-001547)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación coa denegación pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil da renovación das concesións de aproveitamento de augas solicitadas polas comunidades de augas de consumo humano ou traídas de augas, así como as previstas para a introdución das modificacións lexislativas precisas co fin de garantir a continuidade desas comunidades

- 17604 - 11202 (10/PRE-001556)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a realización polo Goberno galego dalgún estudo global que permita verificar a eficacia dos plans de emprego xuvenil levados a cabo dende o ano 2009, a súa valoración en relación cos resultados obtidos polas edicións anteriores deses plans e o grao de execución dos seus orzamentos, así como os datos referidos ás persoas beneficiarias

- 17650 - 2733 (10/PRE-002193)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre a situación do mercado laboral en Galicia en relación cos demais membros da Unión Europea

- 17485 - 3085 (10/PRE-002269)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre o número de solicitudes presentadas no ano 2016 para o acceso ao tratamento de inoculación de cepas hipovirulentas para afrontar o cancro do castiñeiro

- 17649 - 3095 (10/PRE-002271)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o número de persoas reclusas tratadas coa medicación contra a hepatitis C desde a entrada en vigor do convenio asinado polo Sergas coa Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias para a aplicación do disposto no plan nacional ao respecto

- 17648 - 3098 (10/PRE-002272)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en materia de recursos humanos, materiais e organización para evitar as saturacións, así como os ingresos de pacientes do Servizo de Cardiología con necesidades de telemetría no Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

- 17647 - 3110 (10/PRE-002274)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a consignación, no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, dalgunha partida para a elaboración dun proxecto de execución dunha infraestructura para restablecer os servizos do Hospital Gil Casares

- 17646 - 3128 (10/PRE-002279)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre os servizos relixiosos que están a prestar os capeláns da Igrexa Católica na rede de hospitais públicos de Galicia

- 17645 - 3132 (10/PRE-002281)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da consignación do orzamento necesario e da execución das obras de construción do novo centro de saúde de Ribadavia

- 17644 - 3235 (10/PRE-002292)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a convocatoria dun proceso selectivo para a cobertura de postos de traballo na fundación pública Centro de Transfusións de Galicia

- 17482 - 3291 (10/PRE-002298)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da aprobación da autorización ambiental integrada de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra, en contra da normativa sectorial e das determinacións das Directrices de ordenación do territorio e do Plan de ordenación do litoral

- 17481 - 3292 (10/PRE-002299)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do incumprimento por Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra, da normativa galega e europea en materia de verteduras de augas residuais e emisións industriais

- 17642 - 3302 (10/PRE-002304)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a información de forma desagregada do investimento de 130 millóns de euros para loitar contra a hepatitis C

- 17641 - 3317 (10/PRE-002307)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da consignación para o ano 2017 dos orzamentos necesarios, así como da execución do proxecto, para a construción do novo centro de saúde da Illa de Arousa

- 17640 - 3318 (10/PRE-002308)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns da Consellería de Sanidade para non elaborar campañas de prevención, formación e información, segundo o establecido no Plan estratéxico nacional para o tratamento da hepatitis C

- 17337 - 3762 (10/PRE-002352)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre o desenvolvemento das obras de construción das infraestruturas de saneamento no concello de Ribeira

- 17310 - 4033 (10/PRE-002405)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a posibilidade de dotar o Ateneo de Ourense dun espazo de titularidade pública axeitado e coas condicións requiridas para continuar coa súa actividade sen ánimo de lucro

- 17560 - 4255 (10/PRE-002427)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre as razóns do aumento rexistrado en Galicia, desde xaneiro a novembro de 2016, do número de persoas afectadas por un expediente de regulación de emprego en relación coa súa baixada media no resto de España

- 17559 - 4256 (10/PRE-002428)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre o aumento rexistrado en Galicia, desde xaneiro a novembro de 2016, do número de persoas afectadas por un expediente de regulación de emprego en relación co ano 2015

- 17539 - 4258 (10/PRE-002429)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre as razóns do lugar que ocupa Galicia en relación co resto do Estado na evolución do número de persoas afectadas por un expediente de regulación de emprego no período de xaneiro a novembro de 2016

- 17558 - 4259 (10/PRE-002430)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do aumento en Galicia, desde xaneiro a novembro de 2016, en relación co mesmo período de 2015, do modelo de despedimento colectivo entre todas as modalidades posibles de expedientes de regulación de emprego

- 17557 - 4261 (10/PRE-002431)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da baixada en Galicia, desde xaneiro a novembro de 2016, do número de persoas afectadas por un expediente de regulación de emprego unicamente na modalidade de redución de xornada

- 17308 - 4364 (10/PRE-002442)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto do achado dun túnel na muralla romana de Lugo

- 17307 - 4396 (10/PRE-002444)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación cos índices de contaminación que presenta a auga do río Liñares no contorno da estación depuradora de augas residuais de Aguións, no concello da Estrada

- 17327 - 4403 (10/PRE-002445)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e 4 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego da situación de deterioración das augas do encoro dos Peares, no río Miño

- 17634 - 4414 (10/PRE-002447)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a supresión da exención do IVE para os servizos que prestan as e os profesionais da avogacía e procuradoría adscritos á quenda de oficio

- 17305 - 4431 (10/PRE-002449)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto do estado en que se atopa o castelo de Doiras, na parroquia de Santa María de Vilarello, no concello de Cervantes

- 17476 - 4440 (10/PRE-002450)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia para loitar contra o acoso escolar

- 17474 - 4465 (10/PRE-002451)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización dun novo diagnóstico en relación co acoso escolar e o ciberacoso

- 17490 - 4482 (10/PRE-002453)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a adxudicación do concurso convocado en novembro de 2014 pola Fundación Pública Ur-xencias Sanitarias de Galicia 061 para a contratación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre

- 17491 - 4527 (10/PRE-002456)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre

- 17632 - 4600 (10/PRE-002463)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para o inicio das obras de ampliación do hospital de Montecelo, en Pontevedra

- 17304 - 4741 (10/PRE-002488)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto do remate das obras de construción dun centro de interpretación dos parques naturais de Galicia en Ourense

- 17500 - 4782 (10/PRE-002493)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre as razóns do nivel que presenta a taxa de temporalidade no emprego en Galicia no cuarto trimestre de 2016, en relación coa media do Estado

- 17499 - 4783 (10/PRE-002494)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre as razóns da evolución que presenta dende o ano 2013 a taxa de temporalidade no emprego en Galicia, en relación co resto do Estado

- 17498 - 4784 (10/PRE-002495)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para mellorar a estabilidade no emprego

- 17497 - 4785 (10/PRE-002496)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre as medidas concretas que vai levar a cabo o Goberno galego para corrixir as diferenzas que padecen as mulleres asalariadas en Galicia no referido á temporalidade no emprego

- 17506 - 4786 (10/PRE-002497)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto dos efectos que está a producir a reforma laboral no mercado de traballo de Galicia, en especial no referido ao obxectivo de mellorar a calidade do emprego

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 1339**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e don David Rodríguez Estévez, sobre **“a elaboración pola Consellería do Medio Rural dun plan para resolver o problema do regadío da comarca da Limia, a súa dotación orzamentaria e os investimentos previstos para os vindeiros anos, así como o prazo estimado para a súa entrada en funcionamento”**, (publicada no BOPG número 21 do 29 de novembro de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Dende o ano 2005 estase a traballar para poder executar as obras para a mellora e acondicionamento das estruturas de rega das Comunidades de Regantes da Limia (Lamas – Ganade, Alta Limia, Corno do Monte e San Salvador de Sabucedo).

Un resumo de todas as actuacións levadas a cabo ata o momento é o seguinte:

- Redacción dos Estudos de Impacto Ambiental dos proxectos de transformación en regadío da comarca de A LIMIA para cada unha das zonas de rega seguintes: Parte alta do Limia, Entreríos e parte baixa do Limia.
- Redacción de tres proxectos de transformación en regadío da comarca da Limia para cada unha das zonas de rega.
- Declaración, como obras de interese xeral, a mellora e o acondicionamento das estruturas de rego para estas tres comunidades de regantes.
- Redacción do proxecto de mellora e modernización da comunidade de regantes de San Salvador de Sabucedo no Concello de Porqueira
- Polo Decreto 411/2009, declárase a ZEPA da LIMIA e inclúen os terreos afectados pola modernización do regadío.

- Presentáronse, para a súa avaliación pola Secretaría de Calidade e Avaliación Ambiental, os Estudos de catalogación Ambiental E.C.A. para cada ún dos catro proxectos redactados.
- Seguindo as instrucións da mesa Secretaría de Calidade e Avaliación Ambiental, preséntanse un informe conxunto co Documento de Inicio de Evaluación do Impacto Ambiental para a modernización das catro Comunidades de regantes. De resultados de este informe, resólvese que os catro proxectos deben ser sometidos ó procedemento de Evaluación de Impacto Ambiental para proceder a emisión da Declaración de Impacto Ambiental.
- Redacción da Avaliación do Impacto Cultural para as catro zonas de rega.
- Redacción do proxecto de Integración paisaxística das actuacións previstas.
- Estudos de reubicación das sondaxes de capatacións con destino ao subministro de auga das comunidades de regantes redactado no pasado mes de marzo de 2017. Estes estudos están motivados para solicitar da Confederación Hidrográfica Miño-Sil a reubicación de varias captacións por causa de 16 sondaxes non cumpren coas expectativas para cubrir os caudais determinados polas concesións concedidas por dito Organismo.
- Redacción das memorias técnicas dos proxectos para anexalas ao Estudo de Impacto Ambiental.
- Está previsto realizar o estudio xeolóxico para emprazar todas as balsas do proxecto por causa da capa freática e as distintas texturas dos terrenos na Limia. A situación das balsas poden estar ademais condicionadas por afectar a zonas con posibles afeccións de áreas ou especies con algún grado de protección.
- Resolución do 2 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, pola que se somete a información pública a actualización e modificación do estudo de impacto ambiental dos Proxectos. Publicándose ademais na páxina web da Consellería do Medio Rural.
- Notificación á Dirección Xeral de Ordenación Forestal, Dirección Xeral de Patrimonio Natural, Instituto de Estudos do Territorio, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Confederación Hidrográfica Miño-Sil e Concello de Xinzo de Limia como administración públicas afectadas

para que presenten os informes ou alegacións que consideren ao Estudo de Impacto Ambiental.

Polo tanto, nestes momentos estase coa tramitación, de acordo coa Lei 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación Ambiental, para que una vez sexa dictada a preceptiva Declaración de Impacto Ambiental e se poida proceder a asinar os preceptivos convenios coas Comunidades de Regantes e, deste xeito seren redactados, de acordo coas directrices da Declaración de Impacto Ambiental, os proxectos definitivos de execución de obra para a súa licitación.

No ano 2017 foron orzamentados 1.559.666 euros de fondos propios libres para poder financiar os proxectos e estudos necesarios para a tramitación ambiental, análises e estudos previos para os anteprojectos e memorias técnicas, a redacción definitiva dos proxectos de execución unha vez haxa Declaración de Impacto, e informes e directrices finais da Confederación Hidrográfica Miño-Sil e de Avaliación Ambiental.

Así mesmo, como xa se indicou, xa están en marcha todas as actuacións previas necesarias para executar as obras de mellora e acondicionamento das catro comunidades de regantes da Limia.

O prazo para comezar as obras dependerá dos tempos de resolución da tramitación ambiental previa e do resultado final desta coa Declaración de Impacto Ambiental.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17519
Data envío: 26/09/2017 15:24:54.731

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/09/2017 15:24:42



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 2232** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“os datos referidos ao convenio de colaboración asinado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria coa Diocese de Lugo o 29 de xaneiro de 2016 para o acondicionamento do Museo Diocesano e Catedralicio de Lugo.”**, (publicada no BOPG número 32 do 21 de decembro de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que se demanda foi ofrecida a través do envío de copia dos convenios asinados, tal e como solicitou a autora das iniciativas de conformidade ao artigo 9 do Regulamento da Cámara galega.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria atendeu a demanda de documentación e información, con número de rexistro 2228 e 2231, entregando copia de convenios que tiveron entrada no rexistro do Parlamento de Galicia con data 10/02/2017; polo que nos remitimos aos mesmos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 09:44
Nº Rexistro: 17311
Data envío: 25/09/2017 09:44:13.963

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/09/2017 9:44:09



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 2234** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“os datos referidos ao convenio de colaboración asinado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria coas dioceses de Galicia o 22 de xuño de 2016 para intervencións no patrimonio artístico de titularidade eclesiástica.”**, (publicada no BOPG número 32 do 21 de decembro de 2016), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que se demanda foi ofrecida a través do envío de copia dos convenios asinados, tal e como solicitou a autora das iniciativas de conformidade ao Artigo 9 do Regulamento da Cámara galega.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria atendeu a demanda de documentación e información, con número de rexistro 2228 e 2231, entregando copia de convenios que tiveron entrada no rexistro do Parlamento de Galicia con data 10/02/2017; polo que nos remitimos aos mesmos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 10:05
Nº Rexistro: 17314
Data envío: 25/09/2017 10:05:27.940

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/09/2017 10:05:18



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 09:44
Nº Rexistro: 17313
Data envío: 25/09/2017 09:44:33.260

Data 25/09/2017 09:44

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 374**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a data prevista pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a publicación da orde que regulará as probas de avaliación final de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato establecidas no Real decreto 310/2016, do 29 de xullo.”**, (publicada no BOPG número 6 do 3 de novembro de 2016), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información concreta que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 373 e publicada no BOPG número 56 , de data 31/01/2017; á que nos remitimos.

Asemade, nos últimos tempos e en reiteradas ocasións, ofreceuse información actualizada sobre as avaliacións. Hai que lembrar que as mesmas foron realizadas en Galicia e noutras comunidades autónomas, segundo o previsto e en cumprimento da normativa vixente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 09:44
Nº Rexistro: 17313
Data envío: 25/09/2017 09:44:33.260

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/09/2017 9:44:29



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 2044**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Cesar Manuel Fernández Gil e outros/as deputados/as do memo grupo, sobre **“as medias previstas pola Xunta de Galicia para axudar á internacionalización da cultura galega”**, (publicada no BOPG número 28 do 14 de decembro de 2016), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Co obxectivo de impulsar a proxección exterior da cultura galega, a Xunta de Galicia vén favorecendo a participación do sector editorial galego nas principais feiras internacionais do libro (Boloña, Buenos Aires, Frankfurt, Guadalaxara, á que se suma este ano a cita de Liber) a través dun stand propio onde se exhibe a produción máis recente, acompañada dunha programación de actividades de difusión que se desenvolve no marco destas citas.

Este ano, a Consellería tamén presentou un programa de proxección exterior do audiovisual galego a desenvolver en oito dos principais mercados sectoriais a nivel internacional. Seguindo diferentes fórmulas de participación, a presenza galega nestas citas visibilízase a través das marcas 'Films from Galicia' e 'Shorts from Galicia', que estrearon este ano imaxe, así como catálogos e vídeos promocionais.

O Goberno autonómico tamén está a impulsar a proxección das industrias culturais desde Galicia, coa posta en marcha de eventos como o Conecta Fiction, que celebrou este ano a súa primeira edición en Santiago de Compostela.

Este encontro internacional dedicado á coprodución de series televisivas entre Europa, Latinoamérica e Estados Unidos de fala hispana reuniu en Galicia preto de 400 profesionais acreditados –entre creadores, produtores, distribuidores e demais profesionais do sector– procedentes de 20 países. Todos eses axentes, non só levan contactos de axentes audiovisuais, levan tamén unha visión de Galicia, da súa cultura, de Galicia como plató etc.

Tras o éxito da iniciativa, a Consellería comunicoulles o pasado 20 de xullo aos responsables dos principais colectivos do sector audiovisual a celebración dunha segunda edición do encontro, que terá lugar do 18 ao 21 de xuño de 2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 09:44
Nº Rexistro: 17312
Data envío: 25/09/2017 09:44:24.229

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/09/2017 9:44:19



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 2947**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a supresión dos requirimentos relativos ao coñecemento da lingua galega no Centro Dramático Galego”**, (publicada no BOPG número 44 do 13 de xaneiro de 2017), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 24.01.2017- ao darlle resposta á pregunta 2946 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 82953842-56f0-5815-8828-0e390b189499

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 10:06
Nº Rexistro: 17315
Data envío: 25/09/2017 10:06:18,347

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/09/2017 10:06:13



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 4100**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“a situación da música en Galicia”**, (publicada no BOPG número 59 do 3 de febreiro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A situación da música en Galicia presenta un panorama diverso que cómpre analizar na súa amplitude, diferenciando entre formación e divulgación musical; entre actividade profesional e afeccionada; ou entre tipoloxías de estilos e actividades musicais. A Xunta de Galicia promove múltiples iniciativas e programacións de contido musical para afortalar a oferta cultural, asentar públicos existentes e crear novos públicos e audiencias, favorecer sinerxías coa formación académica, impulsar a participación social e estimular o emprendedurismo musical da sociedade galega.

A Consellería de Cultura e Educación, a través da Secretaría Xeral de Cultura, da Axencia Galega das Industrias Culturais e da Cidade da Cultura de Galicia, levan a cabo unha diversa e intensa proposta de actividades musicais a través de programacións propias, de colaboracións con ciclos e proxectos externos, e de subvencións en convocatorias de concorrencia competitiva. Por exemplo, se temos en conta os datos das programacións fomentadas directamente pola AGADIC, hai un claro avance nos últimos anos; así, nos tres programas de fomento da actividade musical en Galicia (Cultura no Camiño, Rede Galega de Música ao Vivo e Rede Galega de Teatros e Auditorios), os datos de funcións pasaron de 200 en 2013 a 347 en 2016.

E no ámbito da música clásica, ademais do apoio da Xunta de Galicia ao funcionamento e programación das dúas orquestras sinfónicas profesionais de Galicia, a Real Filharmonía de Galicia e a Orquestra Sinfónica de Galicia, colabórase coas asociacións líricas da Coruña, Vigo e Santiago para impulsar o xénero operístico; incídese na difusión da música contemporánea, a música relixiosa, a música de órgano e a formación e difusión musical nos diferentes ámbitos da clásica: vento-metal, instrumentos de teclado, percusión etc.

Ademais, os departamentos de Educación da Xunta de Galicia son responsables dunha parte das ensinanzas musicais, un aspecto fundamental na capacitación dos creadores musicais. Galicia conta con 18 centros autorizados de música, 36 conservatorios (ensinanzas regradas), 72 escolas municipais de música (ensinanzas non regradas), e 34 escolas privadas de música, os cales totalizan unha oferta formativa global de 160 centros. Nas ensinanzas regradas de música, no curso 2014-2015 estaban destinados a esta finalidade 1.008 docentes, sendo o 38,3% profesoras. E no curso 2015-16, un total de 21.873 estudantes cursaban estudos de música (regrados – elementais, superiores e profesionais– e non regrados).

Unha parte moi representativa da difusión musical en Galicia, que está vivindo un momento de gran recoñecemento dentro e fóra, está constituído polo amplo e diverso (en estilos e espazos) panorama dos festivais musicais. A Consellería de Cultura ten unha liña clara de apoio a estos eventos únicos, que consideramos estratéxicos, con repercusións non só na industria musical, senón tamén a nivel social, económico e turístico. Este apoio está baseado nunha liña de subvencións, en concorrencia competitiva, na que se apoian os principais festivais musicais profesionais que se celebran en Galicia. Estos festivais teñen a particularidade de estar coordinados en datas para non coincidiren no tempo, e ter daquela unha axenda de festivais que se desenvolven durante todo o verán. A través destas axudas fináncianse proxectos referenciais como Resurrection Fest, Portamérica, Sinsal, Revenidas, Son Rías, Festival da Luz, FIV de Vilalba, V de Valarés etc.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 09:43
Nº Rexistro: 17309
Data envío: 25/09/2017 09:43:04.885

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/09/2017 9:43:00



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 6888**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da eliminación, dos vehículos oficiais dos axentes medioambientais, das cores específicas, o vinilo coa imaxe corporativa da Xunta de Galicia e o servizo ao que pertencen, así como da non dotación a esa flota de sistemas de iluminación prioritaria e da inexistencia dunha uniformidade regulamentada.”**, (publicada no BOPG número 93 do 30 de marzo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está a traballar nunha orde polo que establecen os elementos identificativos e uniformidade dos Axentes Forestais, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Técnicos Ambientais de Galicia. Este borrador da orde está consensuada a nivel sindical e coa Dirección Xeral de Ordenación Forestal e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A presente Orde ten por obxecto establecer a descrición e demais características da uniformidade e identificación das escalas de Axentes Forestais, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Técnicos en Xestión Ambiental. Coma denominación xenérica das tres escalas utilizarase nesta orde unicamente a de Axentes. Preténdese como finalidade única o recoñecemento e identificación destes funcionarios, mostrando unha homoxeneidade no servizo.

Dentro de esta orde tamén se regulará o uniforme dos axentes. Enténdese por este o conxunto de pezas de uniformidade e equipos accesorios proporcionados polas Consellerías nas que o persoal destas escalas presten servizos en calidade de membros das mesmas e permita a súa identificación como tal.

CVE-PREPAR: 941413d7-9dc0-7f48-6419-0a5abdc7b999

Así mesmo, debemos ter en conta que os axentes medioambientais non son un corpo de Policía Administrativa, polo que non se pode asimilar a regulación dos seus uniformes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17533
Data envío: 26/09/2017 16:08:20.701

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/09/2017 16:08:16



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 7443**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a adopción pola Xunta de Galicia das medidas destinadas a obrigar a empresa mineira Tungsten San Finx, S.L. a desenvolver a súa actividade respectando as normas de calidade ambiental e de protección da ría de Noia”**, (publicada no BOPG número 102 do 21 de abril de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Augas de Galicia encargou un informe descritivo das presas de cara avaliar a súa situación e características, ademais de estimar o volume de áridos e/ou sedimentos acumulados, para o que se realizou un levantamento topográfico. Tamén se analizaron todos os expedientes relativos ao aproveitamento mineiro dispoñibles no arquivo, non atopando datos concluíntes sobre a titularidade da presa.

A raíz da apertura do expediente de autorización de vertido, Augas de Galicia requiriu á empresa Tungsten San Finx, SL para que procedera a realizar os traballos necesarios para garantir a seguridade da presa. A mercantil presentou escrito no que entre outros extremos, alegaba que non era a propietaria da presa e que esta non formaba parte da mina no momento da súa adquisición, aínda que non achegou documentación que corrobore esta afirmación.

Á vista desta información, desde Augas de Galicia estase traballando para intentar determinar definitivamente a quen corresponde a titularidade deste azud. Para isto, estanse a estudar os expedientes concesionais de aproveitamento de augas e a documentación existente.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 11:08
Nº Rexistro: 17335
Data envío: 25/09/2017 11:08:44.168

Para o caso de que tivese formado parte da explotación ou se tivese construído para darlle servizo volverase a requirir a empresa para que dea cumprimento ao requirido e garanta a seguridade da presa. No caso de non ser posible determinar esta titularidade, deberanse abordar as solucións para proceder á limpeza dos sedimentos existentes.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 963cdb91-67f9-8889-1b17-f99ae1360da3

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 11:08
Nº Rexistro: 17335
Data envío: 25/09/2017 11:08:44.168

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/09/2017 11:08:37



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 8282**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre, **“as razóns do Goberno galego para non asistir á xuntanza levada a cabo o 16 de xaneiro de 2017 en Ferrol para tratar de evitar o peche da sede da galería de Sargadelos na cidade e as medidas que vai adoptar para salvagardar o legado de Isaac Díaz Pardo.”**, (publicada no BOPG número 109 do 3 de maio de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Biblioteca de Galicia custodia, en réxime de comodato desde 2011, o legado documental recompilado e realizado por Isaac Díaz Pardo, un dos máis insignes persoeiros da cultura galega do século XX.

Dentro deste legado, o fondo documental de Camilo Díaz Baliño é un dos máis destacados. Trátase do material reunido por Díaz Pardo relacionado con seu pai, Camilio Díaz Baliño, falecido en 1936. Conta cunha pequena biblioteca persoal, 10 álbums elaborados por Camilo Díaz que recollen toda a súa actividade profesional en América como escenógrafo, ao redor de 200 fotografías, debuxos e relatos orixinais, ademais dun centenar de cartas e documentos persoais, entre os que se atopa o documento orixinal do xuíz que dá conta da morte do seu pai.

Gran parte deste material foi dixitalizado pola Biblioteca de Galicia, en colaboración con Telefónica, durante o ano 2012. O resultado foi a catalogación de 50 unidades documentais e a conversión a formato dixital de máis de 1.700 páxinas.

Con motivo da entrada en dominio público da obra de Camilo Díaz Baliño e tamén para conmemorar o aniversario da morte de Díaz Pardo, a Biblioteca de Galicia puxo a disposición de todos os usuarios e usuarias, a comezos de 2017, este fondo documental de grande importancia para o estudo e a investigación da historia e da cultura galegas.

Ademais, para lle achegar o legado pictórico de Díaz Pardo á cidadanía, o Museo de Belas Artes incorporou este ano á súa colección a obra 'O discurso', de Isaac Díaz Pardo, que lle foi cedido pola Deputación da Coruña. Deste xeito, o museo autonómico enriquece e completa a presenza de Díaz Pardo na súa colección."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 17288
Data envío: 25/09/2017 09:29:06.270

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/09/2017 9:29:01



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 8407**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Consellería do Medio Rural para minimizar o impacto que vai ter a couza da pataca nas familias produtoras en réxime de autoconsumo”**, (publicada no BOPG número 114 do 12 de maio de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi respondida na Comisión 7ª, celebrada o 22 de xuño de 2017, pola Directora Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, dando resposta á pregunta 8405.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: dfe49227-9210-1e74-8336-6eedd33ee196

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2017 11:19
Nº Rexistro: 17441
Data envío: 26/09/2017 11:19:05.606

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/09/2017 11:19:01



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 9031**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“as actuacións levadas a cabo e as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coa aplicación, no curso escolar 2016-2017, das reválidas da ESO previstas na LOMCE”**, (publicada no BOPG número 118 do 26 de maio de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda estas iniciativas foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en reiteradas ocasións, como por exemplo, en resposta por escrito á pregunta con número 1129 e publicada no BOPG número 56, de data 31/01/2017.

Máis recentemente, tamén a instancias do mesmo grupo parlamentario, a Consellería deu resposta oral á pregunta con número 9170 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 23-24/05/2017; á que nos remitimos.

Puntualizar que non se pode falar de reválidas, senón de probas de avaliacións; ao tempo que hai que lembrar que as mesmas foron realizadas en Galicia e noutras comunidades autónomas, segundo o previsto e en cumprimento da normativa vixente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 10:15
Nº Rexistro: 17318
Data envío: 25/09/2017 10:15:32.929

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/09/2017 10:15:22



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 9032**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“as actuacións levadas a cabo e as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coa aplicación, no curso escolar 2016-2017, das reválidas en educación primaria previstas na LOMCE.”**, (publicada no BOPG número 118 do 26 de maio de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en reiteradas ocasións, como por exemplo, en resposta por escrito á pregunta con número 1129 e publicada no BOPG número 56, de data 31/01/2017.

Máis recentemente, tamén a instancias do mesmo grupo parlamentario, a Consellería deu resposta oral á pregunta con número 9170 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 23-24/05/2017; á que nos remitimos.

Puntualizar que non se pode falar de reválidas, senón de probas de avaliacións; ao tempo que hai que lembrar que as mesmas foron realizadas en Galicia e noutras comunidades autónomas, segundo o previsto e en cumprimento da normativa vixente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 17286
Data envío: 25/09/2017 09:27:34.848

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/09/2017 9:27:30



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 9254** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don José Antonio Quiroga Díaz, sobre **“o protocolo de actuación que se está a levar a cabo na recollida da pataca afectada pola couza guatemalteca, a relación interinstitucional establecida entre a Administración autonómica e as distintas administracións locais ao respecto e a información facilitada para ese fin aos veciños dos concellos afectados, así como os datos referidos ao desenvolvemento do proceso.”**, (publicada no BOPG número 118 do 26 de maio de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A praga da **Tecia Solanivora Povolny**, comunmente coñecida como polilla da pataca ou couza guatemalteca da pataca, detectouse en Galicia no ano 2015.

Dende ese mesmo momento, a Consellería do Medio Rural púxose a traballar establecendo unha serie de medidas urxentes, ademais de publicar o día 3 de novembro de 2015 unha Resolución pola que se establecían as medidas obrigatorias e recomendadas para os produtores e os almacéns comercializadores, como son:

- Identificación de propietarios de cultivos de pataca en zona demarcada.
- Inspección de almacéns particulares na zona afectada para determinar a existencia e o grao de afectación.
- Rexistro das producións existentes, inmovilización dos tubérculos existentes e destrución das partidas afectadas. Prohibiuse o movemento de tubérculos producidos nas zonas demarcadas para fóra destas.
- Inspección dos almacéns comercializadores dentro de zonas demarcadas.
- Formación a técnicos de servizos provinciais e de oficinas agrarias.

CVE-PREPAR: 55b5feb2-c3c2-2984-d323-28063a151321

- Información a propietarios de parcelas en zonas demarcadas e a comerciantes, empresarios, distribuidores, almacenistas, entidades e cooperativas afectados sobre medidas adoptadas nas zonas demarcadas e de especial vixilancia.
- Distribución de dípticos e carteis informativos sobre a praga e o seu control.

Con base nas actuacións levadas no ano 2015, elaborouse un Plan de Acción para o ano 2016, no se que establecían unha serie de medidas de control:

- Colocación dunha rede de trampeo (aproximadamente de 1x1 km) en toda a zona demarcada de produción de patacas para o control da súa distribución.
- Colocación dunha rede de trampeo (aproximadamente de 5x5 km) en toda a zona de vixilancia contorna á zona demarcada.
- Colocación de trampas nas principais zonas de produción (Bergantiños, Techa Cha e A Limia) do resto da Comunidade Autónoma para comprobación de que a praga non se atopaba nestas zonas.
- Revisión periódica das trampas de seguimento (cada 15 días as da malla de 1x1 km, e cada 45 días o resto) e remisión para a súa análise, no caso de sospeita de capturas, ao Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia, dependente da Consellería do Medio Rural.
- Nas parcelas de produción realizáronse catas de control dos tubérculos para comprobar se existían síntomas de ataque da praga.
- Nas zonas demarcadas realizáronse controis visuais durante a colleita para verificar a presenza ou ausencia de danos que poidan asociarse á praga. Nos casos nos que se detectaron estes danos recolléronse mostras para análise en laboratorio.
- Nas trampas nas que se identificaron capturas, establecíase unha zona dun radio de 200 m e se identificaban todas as parcelas de cultivo de pataca nesa área, se identificaban aos propietarios e se lles solicitaba que indicaran o almacén no que ían almacenar esas patacas (todos de autoconsumo), se lles entregaba un “polilleiro” e se lle colocaba unha trampa no almacén (co seu permiso) para a detección de couza.

Se aos 45 días no se detectaba a couza se lle permitía facer uso da produción dentro da zona demarcada, no caso contrario se lle inmovilizaba e se solicitaba permiso para recollela e levala a destruír por incineración.

Ademais, como medidas complementarias:

- Repartíronse entre os agricultores 1.200 “polilleros” así como feromonas en todas as zonas afectadas.
- Realizáronse inspeccións visuais, recollida de mostras, inmovilización do material infectado e destrución do mesmo a través dun xestor autorizado. Destruíronse un total de 6.800 kg de pataca afectada entre os anos 2015 e 2016.
- Realizáronse charlas informativas aos agricultores nos municipios máis afectados por este organismo nocivo.
- Distribuíronse dípticos e carteis informativos.
- Informouse a comerciantes, almacenistas e distribuidores de patacas.

Demarcouse a afectación da praga nestes 31 concellos de Galicia:

A Coruña: Ares, Cabanas, A Capela, Fene, Ferrol, Mañón, Mugardos, Narón, Neda, Ortigueira, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño e Valdoviño.

Lugo: Abadín, Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Vicedo, Lourenzá, Mondoñedo, Ourel, A Pastoriza, A Pontenova, Ribadeo, Riotorto, Trabada, O Valadouro, Viveiro, Xove.

Neste sentido debemos deixar claro que nas zonas produtoras de pataca como Xinzo, Bergantiños e a Terra Cha establecéronse trampeos e que como resultado hai que dicir que están totalmente libres da praga.

En conclusión, as actuacións prioritarias son dúas:

- Impedir que a praga se poida dispersar ao resto de concellos de Galicia; e
- Erradicar a praga naquelas zonas nas que está presente

Durante a execución do Plan de Acción do ano 2016 identificáronse máis de 1.200 propietarios que se dedicaban á produción de patacas de autoconsumo. A lexislación existente sobre o rexistro de explotacións agrarias é a seguinte:

- Decreto 200/2012 do 4 de outubro pola que se regula o rexistro de explotacións Agrarias de Galicia
- Real Decreto 9/2015 polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de hixiene na produción primaria agrícola.

Nesta lexislación se establece que non será de aplicación a explotacións que destinen integramente a súa produción ao consumo doméstico privado.

- O Decreto 125/2014 do 4 de setembro regula a venda directa dos produtos primarios do produtor a persoa consumidora final. Para poder realizar a venda directa regulada neste decreto, os produtos primarios regulados neste Decreto deberán proceder de explotacións inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA).

O labor da Consellería na segunda metade do ano 2015 e durante todo o ano 2016 consistiu, entre outras, en identificar aqueles propietarios de explotacións dedicadas a produción de pataca de autoconsumo que tiñan as súas parcelas de produción nas zonas demarcadas no radio de acción daquelas trampas de captura de insectos que deron capturas positivas a couza guatemalteca da pataca.

Por outra parte, a todos aqueles propietarios identificados como produtores de patacas nestas zonas se lles solicitaba a súa conformidade para a revisión dos almacéns situados na súa propiedade, e que coincidía co domicilio habitual do produtor para poder revisar a súa colleita e colocar trampas para poder identificar a presenza da praga nela. Se se detectaba a presenza da praga ofrecíase ao produtor a posibilidade de destrución das producións afectadas.

Inspeccionáronse todos os almacéns, tanto de pataca de consumo como de pataca de semente, nestas zonas para a posible detección de material infestado.

A Consellería do Medio Rural intensificou as charlas divulgativas polo territorio e ademais o Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou o 10 de marzo unha resolución da Consellería do Medio Rural ao respecto da couza da pataca a través da cal se desenvolve o Real Decreto 197/2017 do Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente, polo que se establece o Programa nacional

de control e erradicación de Tecia solanivora. A través deste documento concréntanse todas as accións prohibidas e as actuacións a levar a cabo para erradicar esta praga de forma urgente.

Para as zonas infestadas, a resolución autonómica insiste na prohibición do cultivo de pataca durante dous anos, así como o levantamento e destrución das patacas xa plantadas tanto neste ano coma en anteriores. Ademais, será preciso levar a cabo un tratamento fitosanitario nas parcelas de cultivo.

Dende a consellería, en toda a zona demarcada, realízase un seguimento da evolución da praga colocando trampas con feromona sexual para a captura de individuos, identificando os propietarios próximos e os campos de cultivo, para poder así identificar tamén posibles fontes de contaminación.

Outra medida fundamental foi e está sendo o control dos movementos de pataca, de tal xeito que se controlará tanto a posible saída de pataca destas zonas, dado que está prohibida a saída fóra da zona demarcada, como a entrada de pataca de fóra, así como a saída de vehículos de transporte que se poidan contaminar durante a descarga. Este plan de control de transporte desenvólvese en toda Galicia.

E como medida máis importante, delimitouse unha franxa de vixilancia intensiva, fóra da zona demarcada e limítrofes, na que se estableceu unha densa rede de trampeo para identificar posibles individuos da praga, realizar a captura deles e impedir que estes poidan infestar novas zonas.

Ademais incrementáronse o número de técnicos de campo para inspección e control, así como para un asesoramento personalizado aos agricultores das zonas demarcadas na forma de xestionar o produto.

En canto ás administracións locais, os concellos son competentes en materia de control das feiras e mercados nos seus termos municipais. Do mesmo xeito que cobran unha taxa aos postos que se instalan nestes mercados, tamén teñen competencias para controlar que o que se vende estea en condicións e a venda se faga consonte á lei.

En concreto, o artigo 25 da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local establece que:

El Municipio ejercerá en todo caso como competencias propias, en los términos de la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas, en ferias, abastos, mercados, lonjas y comercio ambulante

En consecuencia, los concellos deberán ejercer sus competencias propias para el correcto funcionamiento de estos mercados así como proteger la salubridad pública.

Dende a Consellería solicitamos a colaboración dos municipios para que, dentro das súas competencias, intensifiquen o control sobre o comercio de patacas nestes mercados locais, co fin de evitar que se estenda a praga máis alá da zona demarcada.

Así, o que di o DOG ao respecto da resolución da couza é literalmente o seguinte: A Administración local reforzará a vixilancia da procedencia dos tubérculos que se venden nos mercados locais, constatando a orixe da pataca comercializada e adoptando as medidas para impedir, se é o caso, a circulación.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17528
Data envío: 26/09/2017 16:05:45.231

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/09/2017 16:05:40



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 9688** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“a valoración da Dirección Xeral de Patrimonio en relación cos achados arqueolóxicos da cova de San Xoán Vello e a cova da Doncela, situadas na parroquia de San Xoán de Covas, no concello de Viveiro, as súas previsións respecto da súa inclusión no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia e as outras medidas que vai adoptar para a súa protección e posta en valor.”**, (publicada no BOPG número 125 do 8 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 4ª do 6.07.2017 ao darlle resposta á pregunta 9687 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: f065a661-c9d8-8f33-f691-43256c22a757

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 17287
Data envío: 25/09/2017 09:28:57.004

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/09/2017 9:28:52



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 9904** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martín e dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“a opinión do Goberno galego referida ao nivel de participación acadado nas probas de avaliación individualizada do 3º curso de educación primaria e a posibilidade de obter resultados válidos en relación cos obxectivos previstos ou, se é o caso, as medidas que vai adoptar ao respecto, así como a existencia de dificultades para a participación dos mestres na súa corrección nalgún centro educativo de Galicia”**, (publicada no BOPG número 129 do 15 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 20.06.2017 polo Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ao darlle resposta á pregunta 10359 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: a1489ae2-4e33-f126-d0a8-f93f308c9a19

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 17281
Data envío: 25/09/2017 09:25:18.159

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/09/2017 9:25:13



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 9991**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Consellería do Medio Rural para dotar dos medios solicitados os centros de investigación agraria e forestal, o impulso do protagonismo e coordinación dos centros de investigación agraria das administracións con competencias en Galicia e o fornecemento de estabilidade ás liñas de investigación deses centros, principalmente en materia de prevención e control de pragas”**, (publicada no BOPG número 129 do 15 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Na actualidade a Consellería de Medio Rural ten dúas liñas de traballo de investigación abertas.

Da primeira encárgase a Estación Fitopatolóxica de Areeiro, dependente da Deputación Provincial de Pontevedra, a través de un convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural, onde existe a Unidade de Nematodos que se dedica ao diagnóstico e ao control dos nematodos fitopatóxenos, e dentro deles do *Bursaphelenchus xylophilus* (nematodo do Piñeiro), realizando prospeccións anuais nas masas de coníferas e serradoiros e industrias da madeira, para detectar a súa presenza na nosa comunidade.

Da segunda encárgase o Centro de Investigación Forestal de Lourizán (CIF de Lourizán) dentro do seu departamento de silvicultura e mellora no laboratorio de tolerancia e/ou resistencia a patóxenos forestais. O seu obxectivo é chegar a atopar material resistente ou tolerante á enfermidade dentro das poboacións de mellora dos programas de mellora galegos de *Pinus pinaster* e *Pinus radiata*, material xa mellorado por outros caracteres de interese. O fin último é obter material resistente ou pouco susceptible para fornecer ao sector. Ademais, estúdanse os posibles factores causantes da devandita resistencia ou tolerancia.

Neste senso, dende ano 2011, no CIF de Lourizán véñense desenvolvendo diferentes proxectos como o caso do proxecto RTA2011-069-C3 “Nemopin” (2011-2014); e o proxecto RTA2014-042-C “Nemocontrol” (2014-2018).

O CIF de Lourizán, en relación á prevención e ao control, presentou ás convocatorias de proxectos do INIA un novo proxecto denominado “Nemoplan” para traballar na mesma liña e aumentar o

coñecemento e o impacto potencial da expansión da praga sobre o sector forestal, a virulencia de distintas cepas do nematodo, e o grao de resistencia/tolerancia das familias dos programas de mellora galegos de *P. pinaster* e *P. radiata* en comparación con outros materiais que actualmente se comercializan.

No 2017 a Consellería do Medio Rural está a realizar un esforzo para incrementar os recursos adicados a loita contra o nematodo da madeira do piñeiro. Concretamente desde o día 1 de xaneiro temos dous equipos en campo, na zona demarcada de 20 km a redor do punto positivo no que se están a identificar e mostrear todos os árbores sensíbles que se atopen secos ou decaídos, e posteriormente todas estas mostras son enviadas ao laboratorio para a determinación da presenza do nematodo. A posición xeográfica destas árbores identificados é enviada a empresa que realiza a cortas na zona demarcada para que proceda a súa corta e destrución.

Por outra banda no mes de marzo colocáronse case 1.000 trampas en toda a zona demarcada e nas zonas limítrofes con Portugal para realizar as capturas do insecto vector (*monochamus galloprovincialis*) na época de voo que vai do mes de abril ao mes de outubro. A eliminación de individuos que transmiten a praga é unha das medidas máis eficaces para evitar a propagación desta. A finais de agosto tíñamos capturados máis de 3.000 individuos nestas trampas que son enviadas ao laboratorio para a identificación de posible presenza do nematodo.

A Consellería ten disposto un orzamento plurianual que permitirá unha maior eficacia nos traballos de control e erradicación do nematodo do piñeiro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17526
Data envío: 26/09/2017 16:04:15.090

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/09/2017 16:04:10



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2017 17:29
Nº Rexistro: 9997
Data envío: 05/06/2017 17:29:03.960

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputados e deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita.

O persoal funcionario do corpo de oficiais que desempeña unha secretaría dun xulgado de paz, con nomeamento expedido ao efecto, ten dereito ao cobro de 26,90 euros/mes como retribución complementaria, tal e como recoñecen diversas sentenzas xudiciais.

En lugar de acatar e cumprir estas sentenzas, o goberno galego presentou recurso ante a sala do contencioso administrativo do Tribunal de Xustiza de Galiza, que confirmou as sentenzas dos xulgados de primeira instancia e condenou á Xunta de Galiza a pagar os custos, nunha cantidade que xa suma 3.000 euros como consecuencia de tres sentenzas semellantes do TSXG.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Por que a Xunta de Galiza se nega a aboar a retribución complementaria que lle corresponde ao persoal funcionario do corpo de oficiais que desempeña unha secretaría dun xulgado de paz?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2017 17:29
Nº Rexistro: 9997
Data envío: 05/06/2017 17:29:03.960

-Por que o Goberno galego teima en recorrer as sentenzas dos xulgados do contencioso administrativo, tendo en conta que xa hai varias sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que lle dan a razón ás persoas demandantes?

-Considera o Goberno galego que fai un bo uso dos recursos públicos levando adiante pleitos que xeran cuantiosos gastos e que lle obrigan a asumir custos que xa ascenden a 3.000 euros?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 05/06/2017 17:27:19

María Montserrat Prado Cores na data 05/06/2017 17:27:24



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2017 17:29
Nº Rexistro: 9997
Data envío: 05/06/2017 17:29:03.960

Ana Pontón Mondelo na data 05/06/2017 17:27:26

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/06/2017 17:27:27

Olalla Rodil Fernández na data 05/06/2017 17:27:29

Noa Presas Bergantiños na data 05/06/2017 17:27:31



AG/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 10134**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados mais do mesmo grupo, sobre “ **as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego diante do desmantelamento do servizo postal no medio rural de Galicia, principalmente na provincia de Ourense, a avaliación do impacto dos recortes de persoal e servizos aplicados por Correos nos últimos anos, así como a demanda ao Goberno central da corrección desta situación**”, (publicada no BOPG número 129 do 15 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos na sesión celebrada o 27 de xuño de 2017 no debate da iniciativa con número de rexistro 10132, presentada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: e4fb6a39-e798-bfd6-93e1-a43a4624b683

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2017 11:15
Nº Rexistro: 17435
Data envío: 26/09/2017 11:15:56.683

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/09/2017 11:15:52



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 10230**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actividades que vén organizando a Xunta de Galicia, con carácter anual, na illa de San Simón, os datos referidos ás desenvolvidas no ano 2016 e a súa opinión en relación co lugar que ocupa nelas a recuperación da memoria histórica, así como a súa valoración respecto da tendencia á privatización do espazo e ao desenvolvemento de actividades con claro ánimo de lucro no interior da illa”**, (publicada no BOPG número 129 do 15 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A illa de San Simón é un espazo público de gran valor patrimonial e ambiental. Para o desenvolvemento cultural deste enclave, a Consellería de Cultura vén colaborando con diversas entidades e institucións na realización de actividades formativas, creativas, deportivas etc.

Visitas guiadas, encontros de cultura dixital, actividades de formación e difusión musical como o campamento Galicia Fiddle e o Festival SinSal, propostas para a creación literaria e a proxección exterior da nosa cultura, entre as que se inclúen o Obradoiro Internacional de Tradución Poética Con barqueira e remador, son algunhas das iniciativas que se veñen desenvolvendo na illa nos últimos anos.

Ademais, en homenaxe aos presos que se estima que pasaron por San Simón desde 1936 e ata 1943, a Iniciativa Galega pola Memoria Histórica, co apoio do Concello de Redondela, vén organizando na illa anualmente, coincidindo coa data de inicio da Guerra Civil, o Acto da Memoria, co obxectivo de recordar as vítimas da represión franquista e as súas familias. Para favorecer a súa realización, a Consellería vén colaborando tamén con esta homenaxe na medida das posibilidades actuais deste departamento.

O obxectivo da Xunta de Galicia é:

- Seguir colaborando coas asociacións en defensa da memoria histórica que pretendan visitar, celebrar, homenaxear ou organizar actos ás vítimas da represión franquista na Illa de San Simón.
- Reforzar o papel da Illa de San Simón como un lugar de encontro cultural e natural, de espazo aberto e construtivo para os creadores e as creadoras, así como para o conxunto da cidadanía.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 17277
Data envío: 25/09/2017 09:23:11.362

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/09/2017 9:23:07



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 10268**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a protección do patrimonio cultural galego en mans da Fundación Barrié de la Maza trala compra do Banco Popular Pastor polo Banco de Santander, a súas intencións en relación coa incoación do expediente para a súa declaración como ben de interese cultural, así como o mantemento dalgún contacto cos actuais responsables da fundación para coñecer as previsións de futuro”**, (publicada no BOPG número 129 do 15 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A misión do Goberno galego en relación cos bens do patrimonio cultural en mans de entidades privadas está dirixida a incidir na súa conservación, a asegurar que ese patrimonio siga estando ao dispor do disfrute da cidadanía, e a promover a súa difusión pública.

En relación á Fundación Barrié, os seus xestores aseguraron publicamente a continuidade do proxecto educativo, investigador e cultural que leva desenvolvendo a entidade fundacional desde a súa creación en 1966. No caso de que houberse algún indicio que aconsellase tomar medidas para a conservación do seu fondo documental e artístico, faríase da mesma maneira que se fixo noutras ocasións recentes.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: a20f6ee6-76f9-7481-cde6-0f81892059e8

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 10:07
Nº Rexistro: 17316
Data envío: 25/09/2017 10:07:24.504

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/09/2017 10:07:19



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 10426**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a política do Goberno galego en relación á reivindicación da medida de reforma "convivencia con núcleo educativo", o número de reunión de coordinación en materia de menores entre os anos 2009 e 2017, a previsión de integrar aos equipos psicosociais dos xulgados no Imelga, así como no relativo ao orzamento e a execución orzamentaria en prevención e mediación”**, (publicada no BOPG número 133 do 22 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola, **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo, como todas as medidas previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (en diante LORPM), non responde a unha reivindicación social. Trátase dunha medida imposta polo xulgado de menores competente nunha sentenza, atendendo á solicitude formulada polo Ministerio Fiscal, valoradas as circunstancias do menor e os feitos obxecto de axuízamento.

Segundo o artigo 7 da LORPM a persoa menor sometida á medida de convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo debe convivir, durante o tempo establecido polo xuíz, con outra persoa, cunha familia distinta á súa ou cun grupo educativo, adecuadamente seleccionados para orientar a aquela no seu proceso de socialización.

O artigo 19 do Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LORPM, non establece regras específicas para a execución da medida de convivencia, sinalando que será a entidade pública quen seleccione a persoa, familia ou grupo educativo que considere máis idóneo.

Ademais do recurso dos centros de protección para a execución da medida de convivencia, a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, consciente da necesidade de dar maior contido a dita medida, deseñou un programa que permite levar a cabo a súa execución contando con persoas individuais ou familias que colaboren nela, proporcionando á persoa menor un entorno diferente ao propio, no que desenvolva as súas vivencias básicas e educativas.

O programa vai dirixido á captación, valoración, formación e seguimento de persoas e familias que estean dispostas a colaborar na execución da medida na súa vertente de convivencia con outra persoa ou familia. Actualmente se está a desenvolver a primeira fase consistente na divulgación do programa entre a sociedade en xeral e colectivos sociais en particular e xa se produciron os primeiros contactos de familias e persoas interesadas en participar.

Dende o ano 2009 foron innumerables as reunións de coordinación en materia de menores que se levaron a cabo ao abeiro do establecido na LORPM tendo en conta o elevado número de actores implicados na execución das medidas.

Así, se levan a cabo reunións do órgano competente para a execución das medidas xudiciais nesta Comunidade Autónoma e as xefaturas territoriais correspondentes, co fin de establecer mecanismos de coordinación de cara a execución das medidas tendo en conta que as mesmas se levarán a cabo no lugar máis próximo ao domicilio da persoa menor e que existe en cada provincia un xulgado de menores con competencias na materia.

Así mesmo, se veñen celebrando reunións de coordinación cos xuíces e fiscalías de menores co fin de poñer en común aqueles aspectos e dificultades que presenta a aplicación práctica da LORPM así como do Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da dita lei.

Tamén se celebran reunións cos directores dos centros de internamento e os responsables dos centros de intervención en medio aberto onde se leva a cabo a execución das medidas non privativas de liberdade, co fin de supervisar a execución das medidas e resolver aquelas cuestións que xorden na práctica. Estas reunións convocan nalgúns casos a todos os responsables dos recursos na Comunidade Autónoma e noutros casos se levan a cabo no ámbito de cada provincia agrupando aos responsables públicos de cada provincia e o persoal que executa as medidas en cada provincia.

Estas reunións son unha práctica moi habitual que asegura unha máis eficaz coordinación. En moitos casos nestas reunións participa tamén o xulgado e incluso o persoal dos equipos técnicos dos xulgados de menores.

De acordo co establecido no artigo 19 da LORPM o Ministerio Fiscal pode desistir da continuación do expediente atendendo á gravidade e circunstancias dos feitos e do menor infractor, de xeito particular á falta de violencia ou intimidación grave na comisión dos feitos e á circunstancia de que o menor se concilie coa vítima ou asuma o compromiso de reparar o dano causado ou se comprometa a cumprir a actividade educativa proposta polo equipo técnico.



As funcións de mediación lévanse a cabo polos Equipos Técnicos dos Xulgados de Menores. A Consellería de Política Social colabora en moitos casos nas reparacións, no caso de que o menor asuma o compromiso de levar a cabo accións en beneficio da vítima ou da comunidade, poñendo a disposición do menor infractor os recursos necesarios para que leve a cabo a actividade reparadora e supervisando que efectivamente se levou a cabo.

A colaboración na reparación forma parte das actuacións que se levan a cabo en cada provincia polas entidades xestoras do programa de execución de medidas e outras actuacións en medio aberto previstas na LORPM cuxo orzamento total ascendeu no ano 2016 a preto de 1.400.000 euros.

Os equipos psicosociais están integrados no Imelga mesmo antes de que se recollera dita posibilidade na Lei Orgánica do Poder Xudicial (LOPX), como pode comprobarse acudindo á RPT da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

De feito, xa no Decreto 119/2005, do 6 de maio, polo que se crea o Instituto de Medicina Legal de Galicia -isto é, moito antes da reforma da LOPX-, na disposición transitoria segunda sobre integración do persoal sinalase que 'os psicólogos, persoal laboral con centro de destino nos xulgados de primeira instancia, familia e primeira instancia e instrución, quedarán integrados no Instituto de Medicina Legal, no ámbito da súa respectiva subdirección'."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17609
Data envío: 27/09/2017 16:06:03.935

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/09/2017 16:05:59



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 11138**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación coa denegación pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil da renovación das concesións de aproveitamento de augas solicitadas polas comunidades de augas de consumo humano, ou traídas de augas, así como as previstas para a introdución das modificacións lexislativas precisas co fin de garantir a continuidade desas comunidades.”**, (publicada no BOPG número 141 do 6 de xullo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Cómpre lembrar que se trata dunha cuestión relativa ás competencias da Confederación Hidrográfica Miño Sil. Con todo, a Xunta de Galicia coñece os pasos que se están dando en relación a esta situación.

